

**RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE MODIFICAN AS CONTÍAS DAS BOLSAS DE BOLSAS ERASMUS+ PRÁCTICAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA OS ANOS 2023 E 2024, DESTINADA AO ESTUDANTADO DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO (3º PRAZO)**

Trala publicación da convocatoria de bolsas Erasmus+ Prácticas da Universidade de Vigo para os anos 2023 e 2024 por resolución reitoral de 25 de xaneiro de 2023 e dado que o financiamento desta convocatoria provén de dous proxectos Erasmus: o 2022-1-ES01-KA131-HED-000057193 e o 2023-1-ES01-KA131-HED-000123668, esta reitoría,

RESOLVE:

Modificar a contía máxima da bolsa establecida no punto 6 das bases reguladoras, dotación e pagamento, que dependerá, ademais do país de destino, do proxecto Erasmus no que se xustifiquen os fondos:

- As mobilidades que finalicen antes do 31 de xullo de 2024 xustificaranse con cargo ao proxecto: 2022-1-ES01-KA131-HED-000057193, proxecto que finaliza o 31 de xullo de 2024.
- As mobilidades que non finalicen antes do 31 de xullo de 2024 xustificaranse con cargo ao proxecto: 2023-1-ES01-KA131-HED-000123668, proxecto que finaliza o 31 de xullo de 2025.
- A contía adicional para estudantado con menos oportunidades é igual en ambos proxectos: 250 € por mes.

GRUPO	PAÍS	BOLSA ERASMUS+ PROXECTO 2022	BOLSA ERASMUS+ PROXECTO 2023
GRUPO 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia Illas Feroe, Reino Unido e Suíza	460 € /mes	500 € /mes
GRUPO 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal Estado Cidade do Vaticano, Mónaco e San Marino	410 € /mes	450 € /mes
GRUPO 3	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía	360 € /mes	400 € /mes

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Internacionalización

Mª Isabel del Pozo Triviño

